

EMPRESARIO INDIVIDUAL AUTÓNOMO: Persoa física que desenvolve unha actividade profesional ou empresarial en nome propio.

Non existe regulación específica para esta forma xurídica, acudíndose ao Código de Comercio e ao Código Civil para as temáticas de índole empresarial e de obrigas e contratos, respectivamente, que lle afecten.

O xestión da empresa corre a cargo do propio titular da mesma e polo tanto será o que corra con toda a responsabilidade dos actos que desenvolva aquela e non hai diferenza entre o patrimonio civil e mercantil.

Non precisa duns trámites de constitución previos a posta en marcha e tampouco dun desembolso de cartos.

O réxime fiscal aplicable será o IRPF e respecto a o réxime laboral será o Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

COMUNIDADE DE BENS: acordo de vontades manifestado a través dun contrato mediante o cal dúas ou mais persoas aportan un capital para o desenvolvemento dunha actividade empresarial e cuxos beneficios se repartirán en partes proporcionais conforme as citadas aportacións.

Esta forma xurídica carece de personalidade xurídica propia polo que de igual maneira que os autónomos réxese polo Código de Comercio naqueles aspectos mercantís e polo Código Civil nos de dereitos e obrigas. E responsabilidade dos socios comuneiros é ilimitada.

O réxime fiscal aplicable será o IRPF para cada un dos socios comuneiros e respecto ao réxime laboral será o Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

O contrato regulará a normas de xestión interna e no caso de que se aportaran dereitos reais ou bens inmoables deberá elevarse a escritura pública.

SOCIEDADE LIMITADA: sociedade mercantil integrada pola achegas dos socios que se dividirán en participacións sociais, que neste caso serán coas que respondan das posibles débedas sociais.

A súa regulación atópase na Lei 2/1995 de Sociedades de Responsabilidade Limitada.



O capital social non poderás er inferior a 3.005,06 € e deberá estar totalmente subscrito e desembolsado no momento da constitución, podendo achegarse bens ou dereitos patrimoniais susceptibles de valoración económica. A transmisión das participacións deberá formalizarse mediante documento público.

O réxime fiscal aplicable e o do Imposto de Sociedades e respecto ao réxime laboral dependerá do porcentaxe de participacións que teñan os socios e das relacións de parentesco entre eles.

SOCIEDADES LABORAIS: son sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que a maioría das participacións está en mans de socios que traballan nelas de maneira indefinida.

A súa regulación atópase na Lei 4/1997 de Sociedades Laborais e no non previsto pola Lei de Sociedades Anónimas ou de Sociedades de Responsabilidade Limitada segundo a forma que ostenten.

A súa denominación será Sociedade Anónima Laboral (S.A.L.) ou Sociedade Limitada laboral (S.L.L.). O capital terá as mesmas condicións que para as Sociedade Anónimas e Limitadas e o número de socios non poderá ser inferior a 3 socios sen que ningún poida ter mais de un terzo do capital social salvo si estiveran participadas polo Estado, C.C.A.A, Entidades Locais, sociedades públicas, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro. Tamén teñen limitacións respecto a contratación indefinida non podendo estes traballadores traballar mais de un 15% das horas anuais traballadas polos socios traballadores, salvo as sociedades teñan menos de 25 traballadores en cuxo caso o porcentaxe ampliarase hasta un 25%.

A responsabilidade dos socios fronte terceiros está limitada ás súas achegas.

O réxime fiscal aplicable e o do Imposto de Sociedades e respecto ao réxime laboral dependerá do porcentaxe de participacións que teñan os socios e das relacións de parentesco entre eles.

SOCIEDADE COOPERATIVA: sociedade de capital formada por persoas físicas que ten por obxecto a prestación de traballo por parte dos socios, para producir bens ou servizos para terceiros.

Regúlase pola Lei 27/1999 de Sociedades Cooperativas no ámbito estatal e pola Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia non ámbito autonómico.

O capital social non pode ser inferior a 3005,06 €, estará desembolsado no momento da constitución e estará composto por diñeiro ou por bens ou dereitos susceptibles de ser valorados economicamente si así o contemplan os estatutos ou o acorda a asemblea xeral. O importe desembolsado por cada socio non pode exceder dun terzo do capital social e a súa responsabilidade estará limitada as mesmas achegas.

O réxime fiscal que lle corresponde é o Imposto de Sociedades tendo un tipo impositivo menor que o resto das sociedades e un réxime de bonificación especial. Respecto ao réxime laboral aplicable aos socios, os propios estatutos definirán si os socios estarán no réxime xeral ou no especial de autónomos.

SOCIEDADE ANÓNIMA: sociedade mercantil co capital dividido en accións aportado polos socios que non responden persoalmente das débedas sociais.

Regúlase pola Lei 1564/1989 de Sociedades Anónimas.

O capital social non pode ser inferior a 60.101,21 €, estará subscrito no momento da constitución e desembolsado nun 25% ó menos do valor nominal de cada unha das súas accións. Formalizarase a través de escritura pública e posterior inscrición no Rexistro Mercantil.

O réxime fiscal aplicable e o do Imposto de Sociedades e respecto ao réxime laboral dependerá do porcentaxe de participacións que teñan os socios e das relacións de parentesco entre eles.